

## O principiño e o home de negocios

Aquela mañá o principiño puxo o seu planeta en orde. Quitoulles o sarrío aos volcáns, arrincou os últimos xermolos de baobab e regou a súa flor.



Atopábase na rexión dos asteroides 325, 326, 328, 329 e 330. Por buscar unha ocupación e por instruírse, decidiu visitalos todos.

No cuarto planeta vivía un home de negocios. Estaba tan ocupado que nin sequera levantou a cabeza cando chegou o principiño<sup>1</sup>.

–Bos días –dixo ao chegar.

–Tres e dous fan cinco. Cinco e sete, doce, e tres, quince. Uf! Isto suma cincocentos un millóns seiscentos vinte e dous mil setecentos trinta e un.

–Cincocentos un millóns de que?

–Eh? Cincocentos un millóns de... Xa non sei... Teño tanto traballo! Eu son un home serio e non me divirto con parvadas! Dous e cinco, sete...

–Cincocentos un millóns de que? –repetiu o principiño.

O home de negocios ergueu a cabeza.

–Hai cincocentos catro anos que vivo aquí e só me molestaron en tres ocasións: a primeira vez foi hai vinte e dous anos, por culpa dun abellón. Fixo un ruído espantoso e metín catro erros nunha suma. A segunda vez foi hai once anos e tivo a culpa a reuma. Eu non fago exercicio. Son un home serio. E a terceira vez... a terceira vez é esta! Decía que eran cincocentos un millóns...

–Millóns de que?

O home de negocios comprendeu que non había esperanza de que o deixase en paz.

–Millóns desas cousiñas douradas que fan soñar aos folgazáns. Eu son un home serio e non teño tempo para soñar!

–Ah! Estrelas? E que fas ti con cincocentos un millóns de estrelas?

–Cincocentos un millóns seiscentas vinte e dúas mil setecentas trinta e unha.

–E que fas ti con esas estrelas?

–Nada. Téñoas.

–E para que che serve ter as estrelas?

–Sérveme para ser rico.

–E para que che serve ser rico?

–Para mercar outras estrelas, se é que se descobre algunha.

O principiño seguiu preguntando:

–Como se poden ter as estrelas?

–Son miñas, pois fun o primeiro en pensar esa idea.

–E abonda con iso?

–Claro que si. Se atopas un diamante que non é de ninguén, é teu. Se tes unha idea que ninguén tivo antes ca ti, pódela patentar e é túa.

–Iso é certo –dixo o principiño–. E que fas con elas?



–Adminístroas. Cóntoas e volvo contalas unha e outra vez –contestou o home de negocios–. É difícil, pero eu son un home serio!

O principiño aínda non estaba satisfeito.

–Se eu teño unha flor, podo collela. Pero ti non podes coller as estrelas!

–Non, pero podo metelas nun banco.

–Que quere dicir iso?

–Quere dicir que escribo nun papel o número de estrelas que teño e logo péchoo con chave nun caixón.

"É divertido –pensou o principiño–, pero non é serio".

O principiño tiña, sobre as cousas serias, ideas moi diferentes das que teñen as persoas maiores.

–Eu –dixo– teño unha flor que rego todos os días. Teño tres volcáns que limpo de sarrío todas as semanas. É bo para os meus volcáns e para a miña flor que eu sexa o seu dono. Pero ti non es útil para as estrelas...

O home de negocios abriu a boca, pero non atopou palabras para responder, e o principião foise de alí.

"Decididamente –ía dicindo para si durante a viaxe– as persoas maiores son extraordinarias".

Antoine de SAINT-EXÚPERY: *O principião* (adaptación). Vigo, Ed. Galaxia, 2006.

## Ler e comprender

- Que pertenzas ten o principião no seu planeta?
- Por que o home de negocios non mirou o principião cando chegou?
- Canto tempo leva vivindo o home de negocios no seu asteroide?
- Cantas estrelas ten?
- Que fai o home coas estrelas? Para que o fai?